

**16/197 CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS E OUTROS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO. DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO E NOVA CONVOCATORIA MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO.-** Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 23 de marzo de 2011 que, na súa parte expositiva, fai constar:

**“ANTECEDENTES**

I.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 13/663 do 27 de outubro de 2010 polo que se aproba a contratación do seguro de asistencia sanitaria para os empregados públicos e outros do Excmo. Concello de Lugo así como os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

II.- Anuncio de licitación no DOCE, no BOE e no BOP de Lugo nº 269, do 23 de novembro de 2010.

III.- Informe do Negociado de Rexistro do 14 de decembro de 2010 informando da presentación dunha plica por ADESLAS.

IV.- Comunicación por fax da presentación de oferta por parte de ASISA.

V.- Acta da Mesa de Contratación de data 16 de decembro de 2010 de apertura de documentación administrativa e posteriormente apertura dos sobres B de ofertas técnicas acordando a remisión a informe do servizo médico municipal.

VI.- Acta da Mesa de Contratación do 23 de marzo de 2011 que, entre outros, textualmente di:

*‘Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar ós asistentes e licitadores do seguinte:*

*Que tralo estudo da documentación presentada no sobre B resulta que:*

*- A entidade ASISA presenta nun escrito (sen sobre pechado) o cadro médico do ano 2011. Esta información debía estar incluída no sobre C como así o establece o prego de cláusulas administrativas particulares sendo a consecuencia deste erro a exclusión automática do procedemento (cláusula décimo primeira)*

*- A entidade ADESLAS presenta na proposta técnica información sobre os centros médicos e hospitais propios en Lugo e na Comunidade Autónoma de Galicia así como fóra da Comunidade. Esta información debía estar incluída no sobre C como así o establece o prego de cláusulas administrativas particulares sendo a consecuencia deste erro a exclusión automática do procedemento (cláusula décimo primeira)*

*En consecuencia a Mesa de Contratación acorda a exclusión de ámbolos dous licitadores por non cumprir o establecido nos pregos de cláusulas*

**ACTAS E GOBERNO**

JACA/cvr

Refº: DECLARACIÓN\_DESERTO\_ASISTENCIA\_SANITARIA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 30-3-2011

*administrativas e incluír no sobre B información que debía incluírse no sobre C e propón que polo órgano competente se incoe o correspondente procedemento negociado coa finalidade de adxudicar este contrato’.”*

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA**:

**PRIMEIRO.-** Excluír as entidades COMPAÑÍA DE SEGUROS ADESLAS, S.A., e ASISA ASISTENCIA SANITARIA INTERPROVINCIAL DE SEGUROS, S.A.U., polos motivos expostos na acta da Mesa de Contratación do 23 de marzo e que se dan por reproducidos para os efectos da súa fundamentación, e en consecuencia declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ASISTENCIA SANITARIA PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS E OUTROS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

**SEGUNDO.-** Incoar con base no establecido no artigo 154 c) da LCSP un procedemento negociado con suxeición ós mesmos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas, e con invitación a un mínimo de tres empresas capacitadas.

**TERCEIRO.-** Notificarlles esta resolución ás dependencias municipais afectadas así como ás empresas interesadas con indicación de que esta resolución pon fin á vía administrativa e de que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.